

‘O estabrecerse o *Centro Catalá Agrícola e Industrial de Vich*, mandoulle ó Gobernador a auta d’a sesión esquirta n-o idioma de Cataluña.

O Gobernador negouse a adimitila, pol-a razón de que non estaba redautada n-a lingua oficial y a Xunta d’a Sociadá apelou fundándose:

En que non hai lei en España que decrete sexa a lingua de Castela a úneca pra todo o reino.

En qu’a fala catalana é tan naceonal como a de Castela.

En qu’o Presidente d’o Goberno, ó decrete aberta y-ó cerrar a festa d’os Xogos frorales en Barcelona, fixó n-a lingua que se falou ese falará sempre en Cataluña.


Adeprendede, gallegos.



Os viciños de Cesures determinaron poñer pol-a súa conta o alumbrado público y-os sereos, toda vez qu’o Auntamento non se dá presa en poñel-os.

Pois agora poden aporveital-a ocasión, poñendo famen pol-a súa conta os concexales que deben.

Pr’ eso son d’o Concello de Valga.



Bon deb’ estar o noso Auntamento cando lle tratan de dar Pita.

E que por certo é ben recomendabre.



Os perodistas d’a Cruña están levados de Xuncras e non parez señor que se lles mete algo malo n-o corpo.

Segun lemos, un d’estes días os de *La Voz de Galicia* pegaron de veras c’os de *El Telegrama e La Prensa Gallega*, pro estes non se deixaron asoballar.

E fixero ben, pois pra ensultados e calados bastamol-os de Lugo, a cuia cibdá cham’a *Voz*, sin eco, de don Xan F. Latorre, «mísera e escualida», sin que se peritastase, ó menos que sepamos.



A xent’è tan maliciosa

Que cando empez’a falar.....

¡A que vustedés n-acertan

O qu’agora en dicirdan?

Pois asómbrense.... que viron

O vernes pol-a mañá,

Os árboles d’a lameda

Com’azougados trembar

Pensando n-as eleucios,

¡Elles moito cabilar!..



N-estes días, que todos se remexen,

Corren suben e baixan,

E pros sillós valeiros n-o concello

De cen presóas falan,

A MONTEIRA tamen seu *candidato*

Acordou y-acompañá

A papeleta, por s’alguen n-as urnias

Quer amabrè botala.  
Y-eso que, dende logo, aseguramos

Qu’han de ser ben escasas.

O colexio é calquera y-a molestia

Pareznos ben-a paga,

A spranza de qu’a ser moi bô pr’o pobo

XUSTO MORAL SEN TACHA



CONTO

Rubindo Xan de Penelas  
D’ acabalo d’ un burriño  
Por unha costa, háci’o rabo  
O rapaz fois’ escurriendo,  
E cando a dar no chan iba  
C’o corp’o o probe atordido,  
Escomenzou a berrar,  
Cal s’ un tolo fose:—Ausilio,  
Que se m’ acab’ este burro,  
Traguédem’ outro, viciños.

Z.

## ADMINISTRACION

Mondoñedo.—D. V. M. P.—Pagou hastra derradeiros de Marzo d’o ano que ven.

Castro de Rey.—D. X. B. R.—O mesmo qu’ o anteor.

Becerreá.—D. X. B. N.—Idem.

Guntin.—D. F. R.—Idem.

Rábade. D. M. P. S.—Ten satisfeit’a suscripción hastra derradeiros de Setembre d’o ano que ven.

Monterroso.—D. M. A. V.—Recibid’a súa apreceabre e queda suscriuto. Cúmpres’o seu encargo.

Monterroso.—D. M. C.—Queda suscriuto por encargo de D. M. A.

Incio.—D. D. L. M.—Ten paga a suscripción hastra derradeiros de Febreiro d’o ano 1891.

IMPRESA DE XERARDO CASTRO

Palacio, 10, baixo.